

TIG@

CPEIG

Nº 22 | Decembro 2023

REVISTA DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA



A NOITE enzalza á enxeñaría en informática como a “forza impulsora do progreso” que revoluciona industrias enteiras, crea emprego e fomenta empresas innovadoras



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia

ÍNDICE

3-11 páx **XV NOITE** da Enxeñaría en Informática de Galicia

12-13 Eleccións do CPEIG

14 Actividades no marco do colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia

15 Convenio de colaboración 'Navega con Rumbo', coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

16-17 Curso Superior de Administración Electrónica

18-19 As ciberestafas no *Black Friday*

20 Xornada de convivencia do CPEIG

21-22 Foros, xornadas e charlas:

- Xornada sobre Intelixencia Artificial na Confederación de Empresarios de Ourense
- Charla na Aula Hospitalaria do CHUS
- Foro CIONET
- Xornada Fisela
- Xornada Vitae

23-24 O CPEIG nos medios de comunicación

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG

Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG

Juan José González, secretario do CPEIG

Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG

Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG

Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG

José Manuel Vázquez Naya, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: **Vía Láctea Comunicación**

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.gal

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ªA

15701 Santiago de Compostela

Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169




15 NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA



O CPEIG celebrou o 16 de xuño a súa gala A NOITE en Santiago e entregou os premios anuais da profesión ante máis de 350 convidados

Fernando Suárez, presidente:

“A profesión ten o potencial de transformar a sociedade, pero debemos asegurarnos de utilizar ese poder para o ben común, protexendo a privacidade, promovendo a equidade e garantindo a seguridade nun mundo dixital cada vez máis complexo”



O Colexio de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o pasado 16 de xuño a **‘XV Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia’** cunha cea de gala no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago na que se entregaron os premios anuais da profesión. Asistiron máis de 350 convidados ao evento TIC referente de Galicia, entre representantes do ámbito empresarial, da Administración Pública, do ámbito universitario e profesionais do eido tecnolóxico. A NOITE é xa unha gala consolidada onde o CPEIG mostra á sociedade o traballo desenvolto por enxeñeiros en informática dentro da sociedade da información e as iniciativas relacionadas co ámbito das TIC.

Listaxe dos premiados

Máis información de cada premio na web do CPEIG:

<https://cpeig.gal/>



Foron trece as distincións anuais que se entregaron na gala, premios que corresponden a diversas categorías onde os Colexiados/as recoñecen as iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da enxeñaría en informática. O enxeñeiro informático **Diego Cid**; a enxeñeira informática **Verónica Bolón**; o CIO da Fundación Mobile World Capital Barcelona, **Eduard Martín**; o **Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias**; o **Ministerio de Sanidad**; a empresa **Navantia**; a plataforma formativa **Code.org**; o **Grupo Calvo**; a **Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio**

ao Emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; a start-up **Envita**; a **Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial (AESIA)** a través da **Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial, Nodo Galicia da Xunta de Galicia e Concello da Coruña**; o enxeñeiro informático **Rubén Pérez Jove**; as empresas **Cisco, Eviden, Inforhouse, R e Vodafone**; e a catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da UDC, **Amparo Alonso**, foron as persoas, organismos e entidades distinguidas.



Premio Iniciativa Emprendedora

O enxeñeiro informático **Diego Cid** recibiu esta distinción por lograr que se poida usar o DNIE en móbiles co sistema operativo iOS mediante unha conexión NFC para diferentes trámites coa administración pública.



Premio Ada Byron, dirixido a mulleres enxeñeiras en Informática

A enxeñeira informática **Verónica Bolón** recibiu este premio polos seus traballos de investigación en intelixencia artificial sostible no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC) e a súa aposta polo fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas como coordinadora do nodo da Coruña do proxecto Inspira STEAM, no que científicas e tecnólogas imparten charlas a estudantes de 6º de Primaria e 1º da ESO sobre as STEM ou os estereotipos de xénero.

Premio 15º Aniversario CPEIG

Cisco, Eviden, Inforhouse, R e Vodafone recibiron esta distinción polo seu apoio continuo á gala de 'A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia'.





Premio Trayectoria Profesional

O recoñecemento recaeu en **Eduard Martín**, CIO da Fundación Mobile World Capital Barcelona, polo seu "liderado de proxectos en organizacións de vangarda e o seu traballo incansable na defensa da profesión de enxeñaría en informática". Dirixe a área de Conectividade Intelixente de MWCcapital e impulsou o Observatorio Nacional 5G e a iniciativa 5G Barcelona para fomentar a evolución, o despregue e o desenvolvemento desta tecnoloxía co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas.



Premio Especial CPEIG

Distínguese nesta categoría ao **Colegio de Ingenieros en Informática de Asturias** pola súa loita para a inclusión dos enxeñeiros en informática no corpo de enxeñeiros na Ley de Empleo **Público da autonomía**.



Recibiu a distinción tamén o **Ministerio de Sanidad** polo seu compromiso coa "Europa de la Salud", espazo europeo de datos sanitarios, para mellorar prestación de asistencia sanitaria en toda Europa.

Premio Iniciativa Empresarial

Navantia recibiu este recoñecemento polo seu proxecto 'Astillero 4.0', aposta de futuro pola innovación e a tecnoloxía de vangarda. Incorpora tecnoloxías intelixentes –catorce ferramentas habilitadoras como Big Data, vehículos autónomos, robótica, Intelixencia Artificial, Blockchain, 5G ou drones– para alcanzar unha maior competitividade e sostibilidade.





Premio Innovación Tecnolóxica no Ensino

O galardón foi para **Code.org**, a plataforma formativa en programación máis grande do mundo, destinada para que cada estudante en cada escola do mundo teña a oportunidade de aprender informática.



Premio Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)

O proxecto "**Calvo Residuo Cero**", da compañía galega **Grupo Calvo**, conseguiu esta distinción por ser una iniciativa global destinada a conseguir unha xestión sostible de todos os residuos xerados, tanto en fábricas como en oficinas, asegurando un mínimo impacto na contorna e a contribución efectiva a un proceso de economía circular.



Premio e-Inclusión

O premio recaeu en **Envita**, start-up viguesa de innovación social, pola súa plataforma tecnolóxica para a dixitalización da historia de vida das persoas maiores.



Premio Iniciativa da Administración

Distinguiuse á **Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia**, departamento creado hai un ano, que puxo en marcha iniciativas innovadoras, como a Rede de Polos de Emprendemento na que se usan ferramentas intelixentes, e outras accións para impulsar a inclusión e a igualdade.

Premio Proxecto Fin de Máster

Recibiu o recoñecemento o enxeñeiro en informática do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña (UDC), **Rubén Pérez Jove** polo deseño dunha ferramenta de identificación de sistemas operativos baseada en Intelixencia Artificial. Os outros finalistas foron Alejandro Mosteiro, enxeñeiro informático do CITIC da UDC, que desenvolveu unha ferramenta de axuda para os administradores no seu traballo baseada en Internet das Cousas, e Hilda Romero, que creou unha web e aplicación móbil para axudar aos pianistas nos seus ensaios e actuación.



Premio Colaboración Interadministrativa

Esta distinción concedese a **Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial**, ao **Nodo GalicIA da Xunta de Galicia** e ao **Concello da Coruña** pola creación da **Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial (AESIA)**.

Premio Colexiada/o de Honra

O recoñecemento recaeu en **Amparo Alonso Betanzos**, catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial na Universidade da Coruña (UDC) e investigadora no Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da UDC. O Colexio outórgalle esta distinción por ser unha das “máximas referentes e pioneiras en España no uso de Intelixencia Artificial (IA) aplicada ás ciencias sociais”.





O presidente do CPEIG, **Fernando Suárez Lorenzo**, agradeceu a presenza de todos os invitados na entrega dos premios da enxeñaría en informática, xuntanza na que se celebran os logros e recoñecementos de “persoas excepcionais e entidades de vangarda” que demostraron dedicación, paixón e talento nos seus esforzos. “Rendemos un merecido recoñecemento á excelencia como denominador común de todas e todos os premiados neste punto de encontro entre mentes creativas, innovadoras e líderes nos seus respectivos campos brindando a posibilidade de crear sinerxías e establecer novas colaboracións” –apuntou–.

Agradeceu tamén a confianza das entidades patrocinadoras da gala nestes 15 anos da Noite e o seu compromiso co avance da enxeñaría en informática e manifestou que “a súa dedicación e apoio son fundamentais para o crecemento e a evolución da nosa industria”.



Analoxía entre a enxeñaría en informática e o bambú

“A enxeñaría en informática transformou por completo a forma na que vivimos, traballamos e nos relacionamos. Cada día somos testemuñas do poder da tecnoloxía e de como inflúe nas nosas vidas”. Con esta contundente sentenza se dirixiu Fernando Suárez a un auditorio repleto de entidades e empresas tecnolóxicas, destacando os avances en intelixencia artificial e aprendizaxe automática ata o desenvolvemento de aplicacións móbiles e a cibeseuridade. Aínda que tamén lembrou que a enxeñaría en informática non trata só de tecnoloxía, programas e algoritmos, senón que explicou que detrás de cada liña de código hai seres humanos que traballan incansablemente, enfrontando desafíos e colaborando para lograr resultados extraordinarios.

Para explicar máis en detalle o valor da enxeñaría en informática, Fernando Suárez, formulou un símil co ciclo de maduración do bambú xaponés, unha planta que, tras ser sementada, abonada e regada constantemente, tarda sete anos en emerxer da terra, pero tras ese período crece de repente máis de 30 metros grazas ao seu complexo sistema de raíces. Con esta idea de fondo, o presidente sinalou que a clave do éxito é



loitar pacientemente e con perseveranza, xa que asegurou que o éxito non é máis ca un proceso que leva tempo e dedicación e que esixe aprender novos hábitos e obriga a descartar outros. “Nun mundo cada vez máis dixital, a enxeñaría en informática converteuse nunha forza impulsora para o progreso, revolucionando industrias enteiras, creando novas oportunidades de emprego e fomentando a creación de empresas innovadoras. A demanda de profesionais neste campo continúa en aumento, e é imprescindible que sigamos inspirando ás xeracións futuras a abrazar o poder da tecnoloxía e converterse nos enxeñeiros informáticos do mañá” –indicou–.

Como non podía ser doutra maneira, Fernando Suárez tamén analizou os desafíos da profesión, centrados na ética e a responsabilidade. “A enxeñaría en informática ten o potencial de transformar a sociedade, pero debemos asegurarnos de utilizar ese poder para o ben común, protexendo a privacidade, promovendo a equidade e garantindo a seguridade nun mundo dixital cada vez máis complexo” –apuntou–.

Esta décimo quinta edición foi inaugurada polo presidente do CPEIG, e contou coa asistencia do ministro de Sanidad, **José Miñones**; o concelleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, **Miguel Corgos López-Prado**; a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, **Elena Rivo**; o delegado Territorial da

Xunta de Galicia na Coruña, **Gonzalo Trenor**; o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **Julián Cerviño**; a concelleira de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local do Concello de Santiago, **Marta Abal**; o concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña, **José Manuel Lage Tuñas**; o reitor da Universidade da Coruña (UDC), **Julio Abalde**; o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago (USC), **Gumersindo Feijoo Costa**; e o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade da Universidade de Vigo (UVigo), **José Luis Míguez**.

Tamén asistiron o presidente do Clúster TIC de Galicia, **Antonio Rodríguez del Corral**; a directora da Agencia Española de Protección de Datos, **Mar España Martí**; e o secretario do Consoo General de Colegios Oficiales de Ingeniería en





Informática (CCII), **José García Fanjul**; así como outras personalidades e representantes do sector TIC galego que exerceron como patrocinadores do evento e as colexiadas e colexiados do CPEIG.

Ademais, o presidente da Xunta de Galicia, **Alfonso Rueda**, que non puido asistir á gala, quixo dar a benvinda aos convidados cun saúdo institucional a través dun vídeo, á vez que pronunciou unhas agarimosas palabras para o



Colexio de agradecemento polo traballo que fai, o labor de divulgación e a disposición para colaborar coa Xunta: “Nestes últimos anos o mundo está mudando a pasos de xigante. As novas tecnoloxías, a intelixencia artificial, tan de moda agora, a xestión de datos ou a innovación sanitaria e educativa supoñen grandes saltos adiante que nos están permitindo mellorar a eficacia das organizacións e, sobre todo, a vida das persoas. Esta evolución é grazas a vós, comezando polo premiados que hoxe reciben o seu merecido galardón, a todo o ecosistema que fai isto posible, empresas, sistema universitario, traballadores do sector e Administración Pública. Este é un traballo en equipo, como foi o caso da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, un logro colectivo que será un antes e un despois para o sector e toda Galicia”.

A gala foi presentada por **Luis Piedrahita** (A Coruña, 1977), artista multidisciplinar, humorista, escritor, ilusionista, presentador e director de cine. Tamén os asistentes desfrutaron coa actuación do grupo galego de covers de rock e soul, os coñecidos **Broken Peach**, e coa amenización duns robots xigantes de leds. Ademais, a edición deste ano contou coa inestimable colaboración do ilustrador **Luis Davila 'O Bicheiro'** que creou un orixinal photocall para a celebración.

Pódese volver revivir a cerimonia na nosa canle de [YouTube](#).



Fernando Suárez seguirá catro anos máis á fronte do CPEIG

A regulación profesional, a colaboración coas administracións, universidades e empresas, a difusión social da profesión e o fomento das vocacións tecnolóxicas entre os máis novos, serán as súas principais liñas de traballo



A nova directiva constituíuse nun acto celebrado o 18 de novembro no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago, tras un proceso electoral no que só houbo unha candidatura que se proclamou electa

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) presenta a súa xunta de goberno, tras un proceso electoral no que non se celebraron votacións ao contar cunha soa candidatura, que finalmente se proclamou electa. A xunta de goberno para o período 2023-2027, que se constituíu o 18 de novembro nun acto celebrado no Hotel OCA Puerta del Camino de Santiago, está formada por:

Presidente: **Fernando Suárez Lorenzo**
Vicepresidenta: **Susana Ladra González**
Secretario: **Juan José González Cid**
Vicesecretario: **Roberto Vieito Raña**
Tesoureiro: **Francisco Javier Rodríguez Martínez**
Vicetesoureira: **Lorena Otero Cerdeira**
Vogal 1: **Benigno Rosón Calvo**
Vogal 2: **María Pilar Vila Avendaño**
Vogal 3: **José Manuel Vázquez Naya**
Vogal 4: **Iván Luis Vázquez**



“A clave **é que estou** rodeado de xente máis boa que eu, e conformamos un grupo unido que traballa para defender os intereses dos colexiados e colexiadas. Recibimos mensaxes de compañeiros para continuar co traballo realizado nos últimos catro anos e, xa ao rexistrarse esta única candidatura electoral, chegaronnos tamén felicitacións por esta nova etapa que agora iniciamos” –indicou Suárez–.

O presidente explicou que, tendo como estandarte a vocación de servizo ao corpo colexial, o CPEIG persegue o obxectivo, en Galicia e a través do Consejo de Colegios de Ingeniería Informática, de situar á profesión nun lugar destacado. Ademais, Fernando Suárez asegurou que o CPEIG actuará como un axente activo a nivel social, difundindo valores en defensa da profesión á cidadanía, ás administracións públicas, á universidade e ás empresas. “É moi emocionante vivir nestes momentos unha profesión que está cambiando o mundo e que é un facilitador en moitos ámbitos da vida, polo que é fundamental intentar que a sociedade non teña medo á informática e ensinarlle a utilizar as súas ferramentas de forma segura e consciente” –afirmou–.

Fernando Suárez manifestou que a función da nova xunta de goberno para os vindeiros catro anos será continuar traballando na regulación profesional, dado o crecente impacto da actividade da enxeñaría en informática na sociedade actual. Tamén sinalou que outras

Fernando Suárez:

“É moi emocionante vivir nestes momentos unha profesión que está cambiando o mundo, polo que é fundamental intentar que a sociedade non teña medo á informática e ensinarlle a utilizar as súas ferramentas de forma segura e consciente”

liñas do equipo serán seguir colaborando coas administracións públicas para a modernización da xestión administrativa, como acontece coa organización anual do Curso Superior de Administración Electrónica coa Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública; soste a colaboración co sector privado para o progreso e dixitalización de produtos e procesos; incentivar a colaboración coas universidades na adaptación e actualización dos plans de estudo, segundo a demanda actual do mercado laboral en materia das TIC; fomentar as vocacións tecnolóxicas entre os máis novos, en especial entre as rapazas, organizando obradoiros formativos como os que forman parte do programa TechKids posto en marcha coa Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou as diversas xornadas que se programan con motivo do Día das Rapazas nas TIC; ademais de recoñecer o traballo dos enxeñeiros informáticos coa celebración da NOITE da Enxeñaría en Informática, a gala que anualmente organiza o CPEIG. “Un dos nosos retos **é** alcanzar a inclusión dos máis pequenos, as mulleres e as persoas maiores no eido da informática” –asegurou o presidente–.



Actividades do CPEIG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:

18 obradoiros formativos
sobre o uso práctico do novo
equipamento disruptivo das aulas CeMIT

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia organizaron nos meses de xullo, agosto, setembro e outubro unha formación en equipamento disruptivo na Rede CeMIT, é dicir, unha serie de obradoiros para formar á cidadanía no uso de equipamento innovador co que se ten dotado á Rede CeMIT.

Esta actuación enmárcanse no convenio de colaboración asinado entre o CPEIG e a Axencia autonómica este ano no marco do “Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT (2022-2025)” para mellorar os servizos de capacitación e formación dixital dos centros CeMIT e adaptarse ás novas demandas da cidadanía.

Celebráronse 18 obradoiros presenciais, de catro horas cada un, nas aulas CeMIT de diversos concellos das catro provincias galegas (en **Pontevedra Valga, Oroso, O Barco de Valdeorras, Vigo, Pontearreas, A Estrada, Betanzos, Guitiriz, Cuntis, Quiroga, Castrelo de Miño, Moaña, Vimianzo, Boiro, Ribeira, Celanova e San Sadurniño**).

A iniciativa ten como finalidade impartir cursos formativos para un uso práctico do novo equipamento disruptivo dispoñible na Rede de aulas CeMIT. Explicarase o funcionamento e usos das impresoras 3D, drones, lentes de realidade virtual, e kits de programación e comunicación como Arduino e Raspberry Pi.

Cada sesión foi acompañada de pímulas informativas de cada elemento, sintetizando os seus aspectos técnicos e principais posibilidades, así como diversos recursos para a súa aprendizaxe de xeito que os usuarios e usuarias poidan inspirarse e interactuar cos diversos sistemas cunha finalidade ocio-educativa.

28 xornadas
sobre ciberseguridade en centros de
ensino de toda Galicia

Sesións ‘Ciberseguridade Kids’, impartidas a modo de contacontos no marco do programa ‘Tech Kids’

Por outra parte, o CPEIG e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia organizaron en outubro unhas xornadas sobre ciberseguridade enmarcadas no programa ‘**Tech Kids**’, actividade incluída na ‘Estratexia Galicia Dixital 2030’ e no ‘Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital’ e realizada a través do convenio asinado entre o CPEIG e a Axencia para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia para fomentar a sociedade dixital.

Celebráronse 28 xornadas formativas presenciais en centros de ensino de Galicia (**Zas, Santiago, O Carballiño, Maside, Boborás, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Reis, O Grove, Cambados, Lalín, Lugo, Rábade, Castrelo de Miño, Cartelle, Vigo, Ribeira, Curtis e en Aldán en Cangas do Morrazo**, entre outros).

O programa “Tech Kids” ten como obxecto formar aos rapaces e rapazas en ciberseguridade. As xornadas de divulgación, denominadas ‘**Ciberseguridade Kids**’, centráronse na ciberseguridade mediante charlas con tipoloxía de contacontos ou outro tipo de actividade de carácter dinámico e participativo. Esta actividade dirixiuse a nenos/as de 3 a 12 anos de idade. Ademais, tivo lugar unha sesión de contacontos o 26 de outubro no centro Gaíás Tech da Cidade da Cultura en Santiago.

Ademais, a través destes contacontos incídese no fomento das vocacións STEM entre os máis novos/as, especialmente entre as rapazas con referentes femininas no material didáctico. Tamén esta iniciativa comprenderá a publicación de vídeos específicos e un novo conto con contido de ciberseguridade.

O CPEIG e a Xunta de Galicia promoven o uso responsable de internet entre a comunidade educativa



O presidente do Colexio, Fernando Suárez, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, asinaron un convenio de colaboración para desenvolver o programa “Navega con rumbo”

Realizaranse 240 xornadas divulgativas en centros escolares para o alumnado, profesorado e familias co fin de evitar o ciberacoso e outros perigos da rede

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a realización de actividades de difusión e formación do programa “Navega con rumbo”, destinado á promoción do uso responsable das novas tecnoloxías entre o alumnado da comunidade educativa. Esta colaboración, que xa vai pola súa duodécima edición, encáixase dentro da Estratexia de Educación Dixital 2030 da Administración autonómica. O acordo foi asinado polo presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, e o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, **Román Rodríguez**.

A iniciativa está encamiñada, por unha banda, ao alumnado para guialo cara unha navegación segura, tratando de evitar que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso ou outros riscos da rede; e por outra, para o profesorado e familias, facéndoos partícipes das recomendacións que

eles poden aprender, de xeito que tamén sexan transmisores para o alumnado. Programáronse **240 charlas de concienciación** dunha hora de duración durante o curso escolar 2023-2024, destinadas á comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) de 5º e 6º de Educación Primaria, 1º de Educación Secundaria Obrigatoria e 1º de ciclos de Formación Profesional de grao básico.

Estas xornadas divulgativas estarán impartidas por colexiados e colexiadas do CPEIG que expoñerán as recomendacións e consellos necesarios para navegar con rumbo pola rede. Ademais, o programa dispón dunha web [<https://navegaconrumbo.cpeig.gal>] e unhas guías de boas prácticas en internet para o alumnado, proxenitores ou titores, e o profesorado accesibles en soporte dixital neste sitio web, e en formato impreso nos propios centros escolares.

Desde que se puxo en marcha, a través do Navega con rumbo leváronse a cabo máis de 2.000 accións formativas.

O CPEIG dirixe o curso sobre administración dixital destinado a empregados públicos, “unha cuestión non só de tecnoloxía, senón de servizo ao cidadán”

Miguel Ángel Amutio, conferenciante: “La digitalización requiere de un proceso continuo en el tiempo para adaptarse a las tendencias, entre las que la inteligencia artificial tendrá un impacto especialmente considerable”

A décimo terceira edición do Curso Superior de Administración Electrónica impartíuse do 12 de setembro ao 24 de outubro na EGAP, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) inaugurou o pasado 12 de setembro a décimo terceira edición do **Curso Superior de Administración Electrónica 2023**, organizado en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. O acto celebrouse no salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) de Santiago de Compostela, presidido pola directora da EGAP, **Sonia Rodríguez-Campos**, e o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**.

Fernando Suárez falou da importancia da administración electrónica, así como dos seus desafíos e oportunidades, “unha cuestión non só de tecnoloxía, senón de servizo ao cidadán”. Considerada como unha ferramenta poderosa para mellorar a eficiencia, transparencia e accesibilidade da administración pública e a interacción do goberno e os cidadáns, o presidente do CPEIG asegurou que actualmente a administración electrónica é xa “unha realidade que está transformando a maneira na que operan as institucións públicas en todo o mundo”.

Non obstante, o presidente do CPEIG sinalou que a súa implantación non está exenta de desafíos: a brecha dixital, a seguridade de datos, a resistencia ao cambio, o investimento e recursos, e a lexislación e regulación, e para superalos será fundamental contar con funcionarios públicos capacitados e



comprometidos. “Debemos de ser capaces de transformar estes desafíos en fortalezas, de modo que a administración electrónica sexa unha ferramenta para transformar as nosas institucións públicas, modernizalas e brindar un mellor servizo aos cidadáns” –indicou–.

En canto ás oportunidades, Suárez enumerou numerosas vantaxes da administración electrónica, como a eficiencia e a produtividade, accesibilidade con servizos en liña 24 horas os sete días da semana, transparencia, participación cidadán, redución de custos e innovación.

Como peza fundamental no proceso, Fernando Suárez destacou que están os empregados públicos, “actores clave nunha implantación de éxito da administración electrónica, fundamentais neste proceso de transformación”, posto que o seu trabalo pode mellorar a vida dos cidadáns e facer que os servizos públicos sexan máis eficientes e accesibles

O presidente do Colexio manifestou que o curso, que nesta edición superou as 400 solicitudes de matrícula, é unha oportunidade para adquirir os coñecementos e habilidades necesarias para liderar esta transformación. “Hoxe marcamos o inicio dunha viaxe cara a modernización das nosas prácticas administrativas, cara unha administración máis eficiente, próxima ao cidadán e transparente. A dixitalización bríndanos a oportunidade de achegar o goberno aos cidadáns, de facer que os servizos públicos sexan máis accesibles e de promover a participación activa da sociedade na toma de decisións” –asegurou–.

Pola súa parte, Sonia Rodríguez-Campos apuntou que durante as próximas semanas os participantes recibirán “unha formación completa, actualizada e de calidade que lles permitirá coñecer o desenvolvemento normativo que regula a Administración dixital e as súas ferramentas”. Lembrou que os diferentes relatorios programados serán imprescindibles para mellorar as competencias dixitais e asumir con facilidade novos procedementos de traballo, o que contribuirá a conseguir unha Administración máis eficaz, eficiente, próxima, transparente e accesible. “A formación en competencias dixitais é un dos alicerces desta Escola. Así o demostra a ampla programación que vimos ofrecendo durante os últimos anos nesta materia, principalmente dirixida ao persoal empregado público pero tamén á cidadanía a través da iniciativa Universo EGAP Innova” –explicou–.

Presente e futuro da administración electrónica

Por outra parte, o curso foi aberto cunha lección maxistral a cargo de **Miguel Ángel Amutio**, colexiado de honra do CPEIG. “**Presente e futuro da Administración electrónica**” foi o título escollido para a súa intervención.

Amutio explicou que tras oito anos coas leis 39/2015 e 40/2015 en activo, a dixitalización da Administración progresou notablemente en España, “fruto de un esforzo colectivo, multidisciplinar y sostenido en el tiempo”. Destacou que a confluencia de factores como a necesidade e demanda da sociedade, a traxectoria de antecedentes, o impulso ao máis alto nivel, o contexto europeo, a articulación dun marco legal favorable, así como o desenvolvemento dos servizos e solucións que fan da Administración electrónica ou dixital unha realidade práctica.

O conferenciante apuntou que aos factores anteriores sumáronse outros como o potencial de financiamento




do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que está a canalizar recursos para mellorar a atención ao cidadán; as operacións intelixentes; o goberno de datos; as infraestruturas dixitais; e a ciberseguridade, no contexto das directrices establecidas na Axenda España Dixital. e no Plan de Dixitalización das Administracións Públicas 2021 - 2025.

Así, Amutio ofreceu aos asistentes unha perspectiva global das claves da transformación dixital da Administración, tendo en conta o contexto xeral de tendencias; os elementos fundamentais da dixitalización; a onde imos e a onde nos leva a Unión Europea; as grandes pezas da administración electrónica; a situación en España e como se percibe desde o exterior; a axenda para impulsar a transformación dixital da Administración e o seu contexto como panca impulsora da evolución tecnolóxica do país. Finalmente, Amutio falou dos retos que se poden prever. “La digitalización requiere de un proceso continuo en el tiempo para adaptarse a las tendencias, entre las que la inteligencia artificial tendrá un impacto especialmente considerable” –manifestou–.

Formación transversal

Esta actividade ten como finalidade aprofundar, desde unha perspectiva técnico- xurídica e cunha importante parte práctica, na concepción da administración electrónica, incidindo na relevancia que ten a súa implantación nas distintas Administracións galegas. A dirección académica está a cargo do presidente do CPEIG, Fernando Suárez. Así, os contidos do programa analizan, desde distintos enfoques, a administración dixital para que o alumnado adquira ou perfeccione os seus coñecementos teóricos e prácticos en informática e en dereito.

Este curso superior, que forma a 70 empregados públicos, desenvolveuse do 12 de setembro ao 24 de outubro. Cun total de 114 horas lectivas, impartíuse na modalidade semipresencial.




O CPEIG alerta do aumento das ciberestafas no Black Friday e recomenda aos compradores desconfiar de ofertas demasiado atractivas

A entidade explica que unha das principais ciberameazas é o *phishing*, punto de partida do 90 % de ciberataques que se producen actualmente

As compras online seguen en aumento e con elas os ciberdelitos con ataques informáticos a diario a empresas e particulares. No **Black Friday** (“Venres negro”) e o seu complemento cibernético, o “**Ciberluns**”, coñecido internacionalmente como **Cyber Monday** e dedicado ás compras por internet, as ciberestafas incrementaranse se cabe aínda máis ao aumentar o consumo como anticipo da campaña do Nadal.

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) explica que o *e-commerce* ou comercio electrónico é un sistema de compravenda de produtos e servizos que está cada vez máis de moda e suma adeptos día tras día. Segundo os últimos datos, España foi o segundo país do mundo onde máis creceron as vendas por Internet en 2023. Entre os meses de xaneiro e marzo as transaccións do comercio electrónico subiron un 19 %. “A cidadanía debe ter moita precaución con ofertas demasiado atractivas, especialmente con campañas de *phishing* e enxeñaría social a través de SMS, WhatsApp e correo electrónico. Ultimamente creceron moitísimo as ciberestafas e nestas semanas é un momento propicio xa que os sistemas de paquetería van a estar á orde do día. Hai que desconfiar de mensaxes que non sexan lóxicas, ou mesmo daquelas que parecen lóxicas, pensando dúas veces antes de facer calquera acción como pinchar nun enlace. Debemos mercar en plataformas que dean garantías e utilizar tarxetas de crédito exclusivas para mercar online co fin de reducir o impacto en caso de ciberestafa” —manifesta o presidente do CPEIG, Fernando Suárez—.

O CPEIG explica que unha das principais ciberameazas é o **phishing**, un tipo de estafa coa que os ciberdelinquentes rouban o nome de usuario e o contrasinal. O CPEIG sinala que para levar a cabo esta ciberdelito, os atacantes envían un correo electrónico —que simula provir dunha marca ou tenda coñecida— no que se inclúe un enlace a un portal falso e solicitan os datos do usuario, cunha mensaxe similar



á seguinte: *Houbo un problema con seu pedido. Inicie sesión na súa conta e confirme os detalles do seu pago.*

Para protexerse contra un ataque de *phishing*, en lugar de facer clic no enlace do correo electrónico, o CPEIG explica que o consumidor debe ir directamente ao sitio web da marca real e iniciar sesión aí. “O *phishing* é o punto de partida do 90 % de ciberataques que se producen actualmente” —engade Suárez—. De igual forma, funcionan as estafas BEC (Business Email Compromise) que usan técnicas sinxelas de enxeñaría social para enganar aos usuarios.

O Colexio sinala que outra ameaza moi activa nestes días intensos de compras online é o **smishing**, unha mestura entre *phishing* e SMS no que se recibe unha mensaxe de texto simulando unha entidade de confianza. No caso do Black Friday, Fernando Suárez explica que poderían ser mensaxes de empresas de transporte que piden que se faga unha acción (chamar a un número, clicar nun enlace ou facer un micropago) para conseguir os datos persoais.

Fernando Suárez, presidente:

“Debemos mercar en plataformas que dean garantías e utilizar tarxetas de crédito exclusivas para mercar online co fin de reducir o impacto en caso de ciberestafa”

Consellos de ciberseguridade do CPEIG para estar seguros en internet este Black Friday e Cyber Monday

• Coidado cos sitios web falsos

Os estafadores clonan sitios web para facer crer aos consumidores que están comprando nun sitio léxítimo. O sitio web pode parecer case idéntico ao real. Sempre merece a pena comprobar dúas veces a dirección dun sitio para confirmar a súa autenticidade.

• Utilizar só sitios seguros

O primeiro paso é pasar o rato por enriba da URL e comprobar a validez da dirección web. Hai que buscar o símbolo dun candado na barra de direccións e comprobar que a URL comeza por "https://" o "shttp://". LAa "S" indica que a dirección web foi cifrada e protexida cun certificado SSL. Sen HTTPS, calquera dato transmitido ao sitio é inseguro e podería ser interceptado por terceiros delincuentes. Pero isto pode ser aínda insuficiente, xa que nos últimos meses houbo un aumento significativo do número de sitios maliciosos que utilizan certificados SSL. O CPEIG aconsella aos usuarios que extremen a precaución e busquen máis probas de que o sitio é seguro, como por exemplo, a política de privacidade, utilizar unha ferramenta de comprobación de seguridade de sitios web como Google Safe Browsing, ou facer unha busca WHOIS para ver quen é o propietario do sitio web.

• Utilizar unha tarxeta de crédito para comprar en liña

• Coidado cos correos electrónicos sospeitosos: *Phishing*

• Evitar as ofertas "demasiado boas para ser verdade"

Desconfíe de correos electrónicos, ventás emerxentes ou publicacións en redes sociais que prometan prezos mínimos.

• Usar contrasinais seguras

• Evitar as Wi-Fi públicas para ir de compras

• Ter o software actualizado e utilizar ferramentas antivirus e antimalware, cortafogos persoais, ferramentas de borrado seguro, etc.

• Supervisar os extractos bancarios para detectar actividades fraudulentas

Ciberseguridade nunha *ecommerce*

Ademais, o CPEIG tamén dá unhas claves esenciais para os comercios electrónicos, xa que cada ano rexístranse un maior número de ataques informáticos ás *ecommerce* coas consecuentes perdas de ingresos:

- Aplicar certificados de seguridade que protexan a comunicación cos usuarios.
- Utilizar unha plataforma de pago de calidade e actualizar o software constantemente para evitar brechas de seguridade.
- Utilizar solucións TI que garantan a seguridade do portal de venda, dos recursos do negocio e dos propios clientes.
- Formar aos empregados en materias relacionadas coa ciberseguridade, así poderán facer un uso responsable das ferramentas dixitais e saberán executar un protocolo de prevención e actuación se finalmente se producira o ciberataque.
- Requirir unha información persoal dos seus clientes que cumpra co Regulamento Xeral de Protección de Datos e eviten a filtración de datos delicados ante posibles ataques.
- Consellos de seguridade informática para os clientes.

Xornada de convivencia estival do CPEIG no parque Tambre Golf de Sigüeiro

O CPEIG organizou unha magnífica xornada de convivencia cos seus colexiados e colexiadas e as súas familias no parque Tambre Golf de Sigüeiro a finais do mes de xullo.

O máis de medio centro de participantes practicaron golf, petanca, tenis de mesa, pasearon á beira do Tambre, montaron a caballo, ou fixeron kayak.

Tamén tiveron a oportunidade de escoitar ao paradedportista Ignacio Fernández Enríquez, xogador de bádminton, que deu unha excelente charla motivacional.



O empresariado ourensán infórmase das oportunidades, regulación e medos sobre a Intelixencia Artificial

A charla celebrouse en xuño na Confederación Empresarial de Ourense, organizada polo CPEIG

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) organizou en xuño unha xornada gratuita sobre “Intelixencia Artificial: Oportunidades, regulación e medos”, en colaboración coa Confederación Empresarial de Ourense (CEO) e Pintos&Salgado Abogados. A sesión celebrouse na sede da confederación empresarial ourensá, en modalidade presencial e online. Esta charla forma parte dun ciclo de conferencias que comezou hoxe en Ourense para achegar a Intelixencia Artificial (IA) ao sector empresarial e ao público en xeral interesado nesta disciplina das ciencias da computación.

A presidenta da CEO, Marisol Nóvoa, presentou a sesión na que interviñeron o presidente do CPEIG, Fernando Suárez, e o avogado Víctor Salgado, socio director da firma referente en Galicia de dereito TIC, Pintos & Salgado Abogados, que achegaron aos asistentes a IA como unha nova expectativa na empresa, abordando a cuestión desde diferentes perspectivas.

Marisol Nóvoa salientou na súa intervención que “hai que abordar as oportunidades desta tecnoloxía tan de actualidade, pero tamén ter en conta unha regulación que hai que desenvolver para realizar un correcto uso dela, así como coñecer os riscos que entraña” e lembrou a capacidade e dispoñibilidade da CEO para, neste sentido,

axudar ás empresas a tramitar axudas de dixitalización a través da iniciativa Conecta Ourense.

Fernando Suárez aclarou conceptos relacionados coa IA, ademais de comentar a súa evolución. “É unha tecnoloxía nova para o público en xeral, pero que xa leva máis de 70 anos entre nós” –sinalou–. Tamén falou dos medos que xera, “máis esaxerados pola intanxibilidade dos usos desta tecnoloxía”, sobre todo en canto á desaparición de postos de emprego, e as necesidades legislativas.

Desde o punto de vista empresarial, Fernando Suárez explicou as oportunidades que a IA pode ofrecer, e destacou o labor das empresas que máis están investindo en innovación e, que polo tanto, son actualmente as de maior éxito a nivel internacional.

Pola súa parte, Víctor Salgado apuntou que probablemente a IA supón o maior avance tecnolóxico nos últimos 20 anos, indicando que considera que non é esaxerado comparar a IA coa chegada pública de Internet nos anos 90 do pasado século. “Como toda ferramenta inventada na historia da humanidade, a IA non é mala nin boa en si mesma, senón que representa novas oportunidades e desafíos que debemos coñecer e aproveitar, minimizando os seus riscos e maximizando o seu enorme potencial” –aclarou–.

Desde a perspectiva legal, Salgado explicou que se verteron moitos mitos con relación á IA, como que, por exemplo, non está regulada, aspecto que é rotundamente falso como se aclarou na charla. “Dalgún modo, recórdame aos primeiros anos de Internet nos que se afirmaba da Rede que era o ‘afastado oeste’ e o dereito non se aplicaba a ela” —engadiu—. Sen dúbida, Salgado indicou que a lei tivo que adaptarse nalgúns aspectos, pero en moitos outros aplicouse desde o mesmo momento en que xurdiu Internet. E destacou que algo moi similar acontece na actualidade coa IA que se popularizou abruptamente, polo que se require novamente a adaptación da lei, aínda que hoxe xa se conta cun gran acervo regulamentario que dota de seguridade xurídica aos dereitos como cidadáns e a actividade empresarial.



O CPEIG ofreceu unha charla sobre navegación segura e uso responsable de internet para as nenas e nenos ingresados no CHUS

O CPEIG organizou o 26 de xuño unha charla sobre navegación segura e uso responsable de internet para as nenas e nenos ingresados no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). A charla, organizada en colaboración coa Asociación de Ayuda a Niños Oncolóxicos de Galicia (ASANOG), foi impartida polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez.



Nace o Foro CIOs Galicia 2023

O Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia e CIONET, a maior comunidade de líderes dixitais de Europa, poñen en marcha o Foro CIOs Galicia 2023 con ánimo de converterse no foro de debate recorrente de líderes dixitais da Comunidade.

O foro, que se celebrou o 26 de outubro en Santiago de Compostela, conta co apoio da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia no marco das accións do convenio de colaboración entre a Axencia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia. Trátonse cuestións tecnolóxicas e desafíos das tecnoloxías da información co obxectivo de construír un espazo de reflexión e aprendizaxe de boas prácticas e coñecemento compartido.



O CPEIG e a asesoría Fisela celebraron en Santiago unha xornada práctica sobre os aspectos máis importantes da xestión de traballadores no estranxeiro



Contarase con profesionais expertos en materia laboral, tributaria, de Seguridade Social e axudas e subvencións, como a maxistrada-xuíza do Xulgado do Social nº 2 de Santiago, **Carolina Nores**

O CPEIG e Fisela Asesoría e Servizos Xurídicos organizaron o pasado 27 de outubro en Santiago a xornada **“Mobilidade internacional de traballadores: as claves da súa xestión”**, inaugurada polo presidente do CPEIG, **Fernando Suárez Lorenzo**, e o director xeral de Fisela, **Óscar Rodríguez Mallo**.

A xornada centrouse en coñecer os aspectos máis importantes e prácticos nos que deben reparar aquelas empresas que presenten esta casuística da mobilidade internacional de traballadores. Contouse con grandes profesionais expertos na materia que faloron de formalidades, procedementos e prazos requiridos para os desprazamentos internacionais, tanto a nivel de empresa como de traballador, analizando cuestións laborais como o concepto de nómina espello ou *shadow payroll*, cuestións relacionadas coa Seguridade Social, cuestións tributarias, e axudas e subvencións públicas.

A maxistrada-xuíza do Xulgado do Social nº 2 de Santiago, **Carolina Nores**, analizou as cuestións laborais na xestión de traballadores no estranxeiro; o xefe da área de Inscripción e Afiliación da Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social da Coruña, **Xesús A. Couceiro**, e o director Territorial de Ibermutua, **Javier Flórez**, faloron da abordaxe dos traballadores desprazados en materia de Seguridade Social; a xefa rexional adxunta de Gestión Tributaria da Axencia Tributaria, **Eva Palacios**, deu as claves tributarias na xestión de traballadores no estranxeiro; e a subdirectora Xeral de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), **Laura María González-Doposo**, ofreceu información sobre as axudas e subvencións para empresas que fomenten a mobilidade internacional de traballadores.

O CPEIG e Vitae imparten unha conferencia sobre a avaliación, selección, captación e retención de perfís profesionais TI en Santiago

O experto en contratación e director da consultora, Marcos Carbonell, analizou este proceso desde a psicoloxía do traballo e a visión dos recursos humanos

O CPEIG e a consultora de recursos humanos Vitae, con sede na Coruña, Vigo e Madrid, celebrou o pasado 23 de novembro unha charla formativa gratuíta sobre como captar e reter aos profesionais TI, ademais de como avalialos e seleccionalos para retelos nas empresas, debido a que no mercado TI hai moita máis oferta de emprego que candidatos dispoñibles, o que produce unha gran rotación nas empresas TIC, sobre todo os perfís de Desarrollo de Software. A conferencia, impartida polo experto en contratación e socio director de Vitae, **Marcos Carbonell**, celebrouse no Hotel OCA Puerta del Camino en Santiago.



Marcos Carbonell deu as claves para realizar esta selección e captación de persoal TI desde dous puntos de vista: o científico, que proporciona a psicoloxía do traballo, e desde a visión dos recursos humanos para conseguir resultados fiables e perdurables no tempo. “Os profesionais informáticos conseguiron nos últimos tempos grandes logros, como o teletraballo, a flexibilidade horaria, semana laboral de catro días, autonomía, autorganización, altos salarios, capacidade de elección de empresas e proxectos adaptados ao seu perfil e intereses, formación ou beneficios sociais, entre moitas outras” –explicou–.

O relator analizou os valores, as motivacións, a personalidade e os intereses destes profesionais TI, dentro de tres grupos profesionais; os técnicos, os xefes de proxecto e os directivos. Tamén comentou as ferramentas clave que utilizan as empresas actualmente para reter e captar aos profesionais TI, e os instrumentos que se implantarán no futuro.

Entre os seus logros, Vitae entrevistou a máis de 14.000 profesionais e formou a máis de 33.000, o 95 % do sector TI, polo que se definen como unha consultora especializada no lado humano da tecnoloxía.





Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia
CPEIG

Diario de Bergantiños
20.05.2023

Atlántico Diario
31.05.2023

La Opinión
02.06.2023

Faro de Vigo
17.06.2023

La Región.
19.06.2023

El Correo Gallego
21.06.2023

Faro de Vigo
29.06.2023

La Voz de Galicia. Mercados
16.07.2023



El Progreso
27.07.2023



El Ideal Gallego. La Galería
13.08.2023



La Voz de Galicia
15.08.2023



El Correo Gallego
26.08.2023



La Voz de Galicia
04.10.2023



Faro de Vigo- Ourense
14.10.2023



Diario de Ferrol
19.11.2023



Diario de Pontevedra
21.11.2023

O CPEIG nos medios de comunicación



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

15 NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

www.anoite.gal

GRAZAS

PATROCINADORES OURO

//ABANCA

altia

bahia software

CISCO

CLUSTER TIC GALICIA



CONCELLO DE SANTIAGO

Councilbox

DXC TECHNOLOGY

dynatrace

EVIDEN

FORTINET



HUAWEI

ilux visual technologies

INDITEX

INGENIERÍA INFORMÁTICA CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS PROFESIONALES -ICII



Inycom

Hewlett Packard Enterprise | intel

emetel

MINIDATA COMPLEX MADE SIMPLE

minsait

An Indra company

omega aws peripherals

paloalto NETWORKS

PLEXUS TECH

powernet

R

Telefónica

UNISYS

VERITAS

vmware

XUNTA DE GALICIA

PATROCINADORES PRATA

CROWDSTRIKE

DELL intel Technologies



dinahosting

DOS ESPACIOS CONSULTORIA COMERCIALIZACIÓN DESARROLLO

EDMONTON

FUJITSU

GDI OUR VISION OUR HOPE

Hitachi Vantara

inetum Positive digital flow

inforhouse



ITWISE ENERGY TECHNOLOGIES

Lenovo

netskope

NEXTVISION Cybersecurity Intelligence

NTT DATA

NUTANIX

orange Empresas

PURE STORAGE

Red Hat

sixtema

splunk

Televés

vodafone business